

produto
ecoloxico
froito do
COMPOST



Manual de compostaxe doméstica
e de recollida selectiva



15187 - Cerceda - A Coruña

Tel.: 981 698 500

www.sogama.es

Colaboración e Textos:



Realización e deseño:  OCTO

Impreso en papel reciclado libre de cloros

Compostaxe doméstica

- Introducción
- Que é a compostaxe doméstica?
- Que se necesita para facer compost?
- O Composteiro
- Proceso a seguir
- Materiais a depositar no composteiro
- Supervisión e control
- Posibles problemas e solucións
- Obtención do compost e aplicacións
- Beneficios do compost

Recollida selectiva

- Contedor amarelo
- Contedor azul
- Contedor verde
- Contedor xenérico


Introdución

Case a metade do lixo que xeramos nos nosos fogares está formada por materia orgánica, cuxo destino habitual, no caso dos 294 Concellos adheridos a Sogama, son os contedores convencionais, nos que tamén deben ser depositados os materiais non reciclables. Estes, xunto aos restos orgánicos, son sometidos a un proceso de valorización enerxética, transformándoos, con todas

Nos últimos anos a xeración de residuos urbanos en Galicia sufriu un forte incremento ata o punto de que, na actualidade, a taxa de produción chegou a alcanzar os 1,2 kg por habitante e día, situándose en máis de 1 millón de toneladas anuais.

as garantías ambientais e para a saúde pública, en enerxía eléctrica, que logo pasa á Rede Eléctrica Nacional.

Agora ben, en determinados ámbitos do medio rural galego existe a posibilidade de transformar esta materia orgánica en compost, un fertilizante natural con excelentes propiedades para o solo. O proceso resulta moi sinxelo,



xa que se trata de recuperar unha práctica tradicional en Galicia, separando os residuos orgánicos para a elaboración de abono ou alimento do gando.

É por isto que, dadas as particularidades do territorio obxecto de actuación, os participantes neste programa de autocompostaxe poderán fabricar o seu propio compost, contribuíndo a:

- Reducir o volume global dos residuos producidos mediante a reciclaxe da materia orgánica en orixe.
- Eliminar ou, polo menos, minimizar o excesivo uso de fertilizantes químicos.
- Reducir a frecuencia de recollida dos contedores xenéricos por parte dos servizos municipais, así

como o custo económico que trae consigo a súa axeitada xestión e tratamento.

- Minorar o número de desprazamentos que os habitantes do rural deben realizar aos contedores, polo xeral moi distanciados das vivendas debido precisamente á grande dispersión da poboación.



O compost é un
fertilizante natural con
excelentes propiedades
para o solo xerado a
partir da reciclaxe de
restos orgánicos

Que é a compostaxe doméstica?

A compostaxe doméstica é o proceso de descomposición biolóxica dos materiais orgánicos xerados no fogar, como é o caso dos restos de comida e

podas, obtendo un produto final, o compost, que se pode utilizar como acondicionador de solos nos propios xardíns e hortas das vivendas que o fabrican.

Que se necesita para facer compost?

- Un espazo axeitado na horta ou xardín.
- Un composteiro onde depositar os restos orgánicos (aínda que se trata dun recipiente que non é imprescindible).
- Residuos de cociña (restos de verduras, froitas, etc...)
- Residuos do xardín (restos de poda, follas secas, céspede, etc...)
- Un aireador (pincho, pá, etc.), para remover o compost.
- Unha pá, para recoller o abono obtido.
- Auga.

O composteiro

O composteiro é un recipiente que facilita a circulación do aire no seu interior, onde se introducen os restos orgánicos, permitindo unha óptima accesibilidade, tanto para depositar residuos coma para extraer o abono resultante.

A súa función é a de manter as condicións axeitadas de temperatura e humidade

para a elaboración de compost, evitando ademais a entrada de pequenos animais e roedores que poden alterar o proceso.

Tal e como se veu facendo tradicionalmente, tamén se pode elaborar abono directamente no solo; non obstante, o composteiro aporta unha serie de vantaxes:



- Permite manter a zona limpa e recollida.
- Acelera o proceso de compostaxe.
- Evita os malos olores.
- Facilita o control das condicións axeitadas de humidade, temperatura e osíxeno.
- É de doado montaxe e sinxelo mantemento.

Proceso a seguir

En primeiro lugar, debe colocarse o composteiro nun lugar axeitado:

→ De doado acceso e cercano á vivenda, por comodidade.

→ En contacto directo coa terra, para que os organismos descompoñedores teñan un acceso doado ao interior do recipiente. Nunca sobre asfalto, cemento ou outro pavimento, xa que se impediría a colonización destes organismos.

Unha vez situado no lugar pertinente, debemos comezar a depositar no mesmo os restos orgánicos procedentes da cociña e do xardín, o máis esmiuzados posible para favorecer a súa descomposición. O proceso é moi sinxelo:

→ Zona sombreada, protexida de cambios bruscos de temperatura e de humidade.

→ No fondo do composteiro formamos unha capa de restos de poda de 10-15 cm de altura, favorecendo con isto a aireación e a



drenaxe dos residuos acumulados.

- A continuación engadimos os restos orgánicos procedentes da cociña.
- Despois colocamos outra capa de restos de poda, e así sucesivamente a fin de evitar malos olores e mellorar a calidade do compost.

Para a realización de un bo compost deberanse usar restos orgánicos de orixe vexetal

Materiais a depositar no composteiro

Para obter un bo compost o mellor é utilizar unha grande variedade de materiais, tendo en conta que canto máis triturados estean, maior será a rapidez da súa descomposición e fermentación.

O QUE SÍ PODO DEPOSITAR

→ Restos de comida: froitas e verduras; casca de ovo; arroces e pasta cocida; pan. → Pousos de café, té e infusións.
→ Cinzas e serrín de madeira non tratada. → Papel, cartón, xornais. → Restos de poda, raíces, follas, céspede e material do xardín esmiuzados (canto máis leñoso, máis tempo tarda en compostar). → Restos de colleita da horta, sen pesticidas ou fitosanitarios. → Esterco de animais herbívoros. → Pó e peluxe do aspirador, fibras naturais, pelos, anaquiños de teas naturais, plumas.



O QUE NON PODO DEPOSITAR

→ Aceites vexetais e minerais. → Restos de plantas enfermas ou con pesticidas, insecticidas, etc. → Madeira tratada con pinturas, vernices, etc. → Produtos lácteos. → Peixe ou carne. → Follas de piñeiro ou eucalipto. → Excrementos humanos ou de animais domésticos carnívoros (cans, gatos, etc...). → Medicamentos. → Pañais desbotables. → Papel de cor brillante, impreso con tinta de cor ou plastificado. → Obxectos duros, pedras, vidro, metal, plástico, tetrabrik, baterías...



É preciso conseguir unha mestura cunha humidade, temperatura e osixenación óptimas, capaz de manter o equilibrio entre:

- Materiais frescos e húmidos (froitais, verduras, céspede...), que aportan humidade.
- Materiais secos (follas secas, ramas, cartón, cinza, serrín,...), que favorecen a aireación e osixenación da mestura.

Supervisión e control

Os factores fundamentais que interveñen no proceso de maduración do compost son os seguintes:

- **Temperatura:** sendo a óptima ao redor de 50 - 60 °C.
- **Humidade:** a mestura ten que estar húmida, pero non mollada, xa que provocaría a súa putrefacción. Para isto é preciso xogar cos materiais secos e






húmidos que
vamos introducindo
no composteiro. Un
xeito sinxelo de medir a
humidade da mestura é
coller un puñado e
apertar coa man; se
queda compacta, ten a
humidade xusta; se se
esmiúza, está seca, e se
gotea, está moi húmida.
En función dos
resultados, poderemos
secar ou humedecer
doadamente,
engadindo materiais

secos ou húmidos,
segundo o caso.

→ **Osíxeno:** o compost só
se logrará se hai
presenza de osíxeno (é
un proceso aerobio),
polo que, en ocasións,
será necesario remover
a mestura para aireala.



Posibles solucións

PROBLEMA	SIGNIFICADO	SOLUCIÓN
Material moi compacto e con mal olor	Posible exceso de humidade e/ou falta de ventilación	Mesturar material seco (palla, follas, secas...) e voltear para permitir a entrada de aire e así evitar a putrefacción
Olor a amoníaco	Demasiados materiais ricos en nitróxeno	Engadir compoñentes secos ricos en carbono como serrín, restos de poda, etc. e voltear
Baixa temperatura	Pouco material ou falta de humidade	Engadir máis material ou regar
Temperatura moi alta	Insuficiente ventilación	Voltear
Material frío e húmido	Exceso de auga	Voltear e engadir materiais secos (serrín, ramas, etc...)
Material frío e seco	Falta de auga	Regar
Presenza de moscas	Exceso de humidade	Engadir material estruturante (pequenas ramas, palla) e voltear
Presenza de roedores	Atraídos por algún residuo	Mesturar os materiais e cubrir
Presenza dunha capa branca de fungos		Non supoñen problema algún
Presenza de insectos	Condições ambientais	Non presentan ningún inconveniente. Son descompoñedores

Obtención do compost e aplicacións



Se as condicións son boas, en poucos meses xa se pode recoller o compost, que asemella a unha terra negra/marrón escuro, con olor a bosque e temperatura ambiente, e que contén substancias nutritivas que melloran a calidade do solo.

Se producimos moito compost, podemos usalo para mesturar con terra, reencher plantóns e transplantes, así como para diluílo en auga, xa que a auga compostada, dada a súa concentración de nutrientes, é moi boa para o rego.

No caso de que obteñamos pouca cantidade, podemos mesturalo con terra e usalo como a turba ou a terra especial para sementeiras e transplantes.

Tendo en conta que o compost se xera no propio fogar, non é necesario realizar desembolsos económicos para a súa adquisición

Beneficios do compost

Sobre a estrutura do solo: debido ao seu carácter aterronado, o compost facilita a formación de conglomerados, permitindo así manter unha correcta aireación e humidade do mesmo.

Sobre a saúde do solo: dada a súa condición de produto natural, sen compostos químicos e libre de patóxenos, actúa en moitos casos como bactericida e funxicida.


Sobre as plantas: ao ser un produto rico en nutrientes e macronutrientes, convértese nun excelente abono, contribuindo a que as plantas teñan unha maior resistencia ás pragas e enfermidades.



Recollida selectiva

A cidadanía desempeña un papel crucial na axeitada xestión dos residuos urbanos. A súa colaboración na redución da produción de lixo, a través dun consumo racional e responsable, a reutilización de materiais o maior número de veces posible antes de convertelos en residuos e a súa activa participación nos mecanismos de recollida selectiva, dará lugar a que a porcentaxe de residuos sometidos a tratamento final sexa menor, coas conseguintes vantaxes ambientais, económicas e sociais.

Ademais da selección de materia orgánica para a fabricación de compost caseiro, faise preciso separar o resto de materiais por tipoloxías e depositalos no contedor correspondente.





Iglú verde

Debes depositar:

→ **Botes, tarros e botellas de vidro** (sen os tapóns)

NON debes depositar:

As tapas e cortizas das botellas, cristais, parabrisas, pantallas de televisión e ordenador, lámpadas, vaixelas, vitrocerámicas, porcelana, cerámica, gres, baldosas, terra, grava, cemento, madeira, metais, etc.



Contedor azul

Debes introducir neste o papel e cartón. Isto é:

→ Xornais e revistas →
Follas de apuntamentos →
Cadernos sen argolas →
Papel de envolver ou embalar → Caixas de cartón →
Cartóns de ovos

NON debes depositar:

Papeis de calco, cartóns de leite, zume e viño (briks), papeis ou cartóns sucios de graxa, cueiros ou compresas, aluminio ou bolsas de papel aluminizadas ou celofán.



Contedor amarelo

Destinado a acoller os envases e envoltorios de plástico, latas e briks.

Por exemplo:

- Redes plásticas (bolsas de laranxas ou de patacas)
- Tapóns metálicos dos envases
- Papel de aluminio
- Plástico transparente de envolver
- Bolsas lixeiras
- Envoltorios de burbullas
- Bandexas plásticas
- Botes de cosméticos
- Tubos de dentífrico

NON debes depositar:

Residuos de plástico que non sexan envases: xoguets, cepillos de dentes, rotuladores, fitas de vídeo, carretes de fotos, cables, enchufes, etc.



Contedor xenérico

Destinado a acoller os **residuos non reciclables**. En caso de que as condicións da nosa vivenda non sexan proclives para a fabricación de compost ou non dispoñamos dos medios necesarios, a materia orgánica debe depositarse tamén neste contedor.



XUNTA
DE GALICIA



Concello
de Alfoz

Concello de
Sanxenxo



Concello
de Trabada



Concello
de Lourenzá